

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**D<sup>a</sup>. María Ramallo Vázquez**

SECRETARÍA XERAL  
Expt: 2019-SE010-004

### **NOMEAMENTO DE TENENTE DE ALCALDE**

Tras as eleccións locais do pasado 26 de maio de 2019 e constituída a Corporación municipal en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de xuño de 2019, resulta necesaria a designación de Tenente de Alcalde, de acordo co previsto no artigo 20.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, correspondendo a esta Alcaldía efectuar dito nomeamento.

De conformidade co disposto nos artigos 21.2 e 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e 46 a 48 do RD 2568/1986, do 28 de novembro e, en uso das atribucións conferidas no artigo 21.1 da LRBRL, así como no art. 41 do do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, pola presente **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear Tenente de Alcalde do Concello de Marín ao concelleiro, membro da Xunta de Goberno Local, D. MANUEL SANTOS COSTA.

**Segundo.-** Corresponde ao Tenente de Alcalde, en canto tal, substituír na totalidade das súas funcións a esta Alcaldía, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, previa expresa delegación, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

En todo caso, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir delegación ou, cando por causa imprevista, resultoulle imposible, será en todo caso substituída polo Tenente de Alcalde, debendo dar conta desa circunstancia ao resto da Corporación.

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución ao designado a fin de que preste, no seu caso, a aceptación de tal cargo. Entenderase tácitamente aceptado o cargo se, no termo de tres días hábiles contados desde a notificación da resolución, non manifesta por escrito ante a Alcaldía a súa oposición.

**Cuarto.-** O nomeamento efectuado será efectivo desde o día seguinte da firma da presente resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, debendo ser publicada, igaulmente, na sede electrónica municipal en cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Quinto.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Así o dispón a señora Alcaldesa do que eu como Secretaria dou fe, en Marín na data da sinatura electrónica.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**